

Reflexións ao fío dos 75 números da revista escolar *Bardos*



REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 48-50

Isabel González Avión

IES Fermín Bouza Brey - Vilagarcía de Arousa

gonzalezavion@edu.xunta.es

Se me apuran, podería pasar sen gramática, pero non imaxino a vida sen as voces limpas, sen a terca alegría que estoura nesas vosas aulas, sen a sabedoría dos que coñecen os caprichos do mar, os ritmos da terra e os segredos das ferramentas que moven o mundo.

Bieito Iglesias (1994)

As palabras do escritor e profesor Bieito Iglesias conteñen unha beleza inusitada: son a expresión da admiración que esperta no docente o seu propio alumnado. Ese arroubo dota a tarefa docente dun pracer especial que está nas antípodas da traballosa penalidade en que, moitas veces, se converte o día a día do profesorado. A valoración das calidades, dos saberes do alumnado é o que alimenta os 75 números de *Bardos*, a revista do IES Fermín Bouza Brey de Vilagarcía de Arousa, decana das publicacións escolares en Galiza. Este fito non só merece unha enorme felicitación colectiva, senón que convida a unha reflexión sobre a tarefa docente e sobre o papel dun proxecto colectivo na construción do proceso educativo.

ÁGORA

Nun xa afastado curso 1985-86 *Bardos* botou a andar da man dun puñado de profesores e profesoras que contaban con máis ilusións que medios. Ao longo destas tres décadas tense nutrido do talento e do traballo de centos de persoas, converténdose nun espazo de encontro, nunha ágora. As palabras da profesora Susana Trigo subliñan este feito: "*Bardos* gústame porque é unha obra colectiva, sen xerarquías, onde descubro novos brillos de persoas que andan polo *insti* no seu rol de *profe* ou *alumn@* e logo, na revista, dilúese esa diferenza que nos *encorseta* tanto".

IDENTIDADE PLURAL

Nun centro cunha identidade plural como é o IES Bouza Brey, que conta con ESO, bacharelato, diversos ciclos formativos tecnolóxicos e ensinanzas deportivas especiais (ciclos de baloncesto e, recentemente, de vela), a revista representa tamén un elemento de cohesión. Aínda que a autoría dos contidos da revista corresponde maioritariamente ao alumnado da ESO e dos bacharelatos, *Bardos* é un espazo que reflicte o latexar das actividades que se levan a cabo nas distintas ensinanzas impartidas no instituto.

AUTOESTIMA

O IES Fermín Bouza Brey foi o segundo centro de secundaria que existiu en Vilagarcía. Naceu como IFP Fontecarmoa e recibiu o alcume de *Liang Shang Po*, porque, como naquela serie televisiva, o centro ficaba máis alá da "fronteira azul", en referencia ao río do Con, e porque nel acontecían historias turbulentas. A pesar de que o instituto dotou a comarca e boa parte de Galiza de excelentes profesionais da Electrónica, a Electricidade, o Mantemento, a Metalurxia, a Automoción e, nos seus comezos tamén, a Administración e o Secretariado, durante décadas arrastrou o lastre da mentalidade clasista que consideraba que a formación profesional era para os que "non valían para estudar" (?!). Iso foi xa hai moitos anos e o instituto ten pasado por outras etapas nas que o seu prestixio medrou. Foron tempos nos que o número de solicitudes de matrícula dobraba o de prazas ofertadas ou nos que as mellores alumnas e alumnos que aspiraban a estudar carreiras tecnolóxicas como enxeñerías ou arquitectura achegábanse ao centro desde todos os puntos da comarca do Salnés e mesmo da outra banda da ría de Arousa. O que si mantivo sempre o instituto foi o carácter socioeconómico do seu alumnado, pro-

cedente na súa meirande parte das capas proletarias, tanto da cidade como da contorna.

Ter un espello onde mirarse, recoñecerse e presentarse ante os demais é un elemento fundamental para a autoestima, tanto individual coma colectiva. Esa función de escaparate da actividade e dos talentos do alumnado que tivo *Bardos* é subliñado pola alumna Andrea Rodríguez: "Na miña opinión *Bardos* é un elemento de prestixio, non só do centro, senón tamén dos alumnos e alumnas, pois, en varias ocasións, persoas alleas ao instituto comentaron o seu abraio ao ver que ben escriben algúns rapaces".

ESCAPARATE EN PAPEL

En máis dunha ocasión, por mor dos recortes que se aplicaron no sistema educativo coa escusa da crise económica, tense pensado deixar de editala en papel, mais as alumnas e alumnos participantes nunca foron partidarias de prescindir do obxecto material, xa que valoran que este ten unha funcionalidade diferente á realidade virtual que representan as publicacións dixitais.

FONTE DOCUMENTAL

A función de escaparate da actividade cotiá transfórmase a medida que pasa o tempo por cada unha das entregas da revista. Así, grazas á súa dilatada traxectoria, *Bardos* convértese nunha fonte documental. Nas súas páxinas podemos rastrexar a historia do IES Fermín Bouza Brey, pero non só. Atopamos apuntamentos da historia cultural e social do noso país. A catástrofe do Prestige, as guerras nas que os gobernantes involucraron o Estado Español, as vagas de incendios forestais de 2006 e 2017 e outros moitos acontecementos teñen o seu particular relato na nosa revista.


As distintas celebracións das Letras Galegas acadan unha especial relevancia cando os autores

e autoras teñen un vencello con Vilagarcía, coa nosa bisbarra, coa nosa ría, con algún profesor ou profesora do centro.

Encontros con escritoras e escritores, presenza de investigadores e personalidades do mundo cultural, como non podía ser menos, tiveron o seu reflexo na revista.

O TECIDO HUMANO DO NOSO ENTORNO

A sección de entrevistas céntrase en persoas tamén vinculadas ao Instituto ou ao noso entorno. Son hoxe valiosos documentos as entrevistas a Manuel Isorna (ex-presidente da Fundación Galega contra o Narcotráfico), a Marcela Santórum (poeta, investigadora e xornalista), a Xabier Camba Abal (técnico cultural e músico), a Luís Rei (investigador e activista da cultura marítima, biógrafo de Ramón Cabanillas), a Carlos Blanco (actor), a Moncho Caride (escritor), a Ugia Pedreira (artista), a Alfonso Merino (músico e ex-alumno do centro) e un longo etcétera. Os equipos de alumnas e alumnos que realizaron estes traballos puideron protagonizar unha experiencia que entraña dificultade, pero que achega importantes apren-





dizaxes. Descubrimos a sociedade de Vilagarcía e da comarca como un tecido humano cheo de persoas relevantes, que nos convidan a coñecernos e comprendernos mellor a nós mesmos, a sociedade galega e o mundo actual.

ENCONTRO INTERDISCIPLINAR

A variedade de contidos, unha certa continuidade nas seccións, o esforzo por ser o lugar de encontro entre as distintas disciplinas son unha marca característica de *Bardos*. Hai un intencionado esforzo por crear as fronteiras disciplinares e por fuxir do "literaturismo". Aínda que ese esforzo non sempre dá os resultados desexados, é unha marca de identidade da revista. Este trazo diferénciase doutras que foron recoñecidas con galardóns. Está claro que os xurados deses certames non souberon ver nela o papel normalizador da lingua (moito máis potente canto máis nos afastamos dos eidos onde se pretende fechar o noso idioma), nin o poder de construción de comunidade e de experiencia educativa.

Deportes, música, banda deseñada, ciencia, tecnoloxía, debates, as xa mencionadas entrevistas, son algunhas das seccións máis destacadas. *Bardos* é unha experiencia real da abolición das fronteiras entre materias de "ciencias" e de "letras", e un espazo para a construción cooperativa de aprendizaxes. E non só para o alumnado, senón tamén para o profesorado que atopa esa laboriosa, pero gratificante experiencia, do traballo colaborativo. Aí é preciso sinalar a importancia tamén física de desdixar fronteiras ocupando espazos comúns como a biblioteca ou compartindo aula o profesorado de Plástica e Lingua ou o de Tecnoloxía e Literatura, por poñer algún exemplo. Isto implica necesariamente rachar cunha concepción burocrática do ensino e choca frontalmente coa rixidez de horarios e calendarios, gravando cun plus de carga de traballo a profesoras e profesores que realizan estas tarefas, que non só non están recoñecidas e compensadas economicamente, senón que caen fóra da mecánica da meritocracia pseudoformativa e da lóxica e da filosofía dos premios ao uso.

COMUNIDADE QUE LATEXA

Son innumerables as horas que compartimos, innumerables as persoas coas que convivimos nun centro educativo. Por iso as vivencias que nel experimentamos teñen unha intensidade que é difícil de plasmar e transmitir. Mais hai acontecementos que nos marcan e que nos unen. Moitas veces son experiencias dolorosas: a morte dun docente ou dun alumno, por exemplo. Pero afortunadamente son moitas as celebracións: as festas que vai espallando o calendario, os premios recibidos desde outras entidades... Son fitos que van tecendo momentos de intensa comunión colectiva. Cantos sorrisos e cantas bágoas non ten xerado a lectura

de páxinas que constitúen, por veces, un diario íntimo do sentir colectivo? A educación emocional e sentimental é unha tarefa moi esquecida. Dende logo non aparece cuantificada nos estándares de aprendizaxe tan sacralizados no actual marco educativo. Para medrar como persoas é moi importante aprender a afrontar separacións, despedidas, perdas; dar conta das celebracións onde gozamos, rimos, bailamos e cantamos xuntas as persoas que formamos o centro, independentemente de cal sexa o noso rol nel.

PERDURABILIDADE

A profesora Ana Peña preguntábase: "Que é *Bardos* para min? Entre outras cousas, un espazo de encontro, opinión, reflexión, creación, caza de talentos; unha xa extensa bitácora na que rastrexar a historia do instituto; un exemplo de constancia".

Algunhas das circunstancias que favoreceron a perdurabilidade do proxecto teñen a súa base na estabilidade do profesorado. Profesionais novos que chegan a un centro cheos de forza e ilusión e fan do seu traballo moito máis ca unha rutina laboral. Esa estabilidade, esa posibilidade de facer proxectos profesionais e vitais a longo prazo está hoxe enormemente laminada polas políticas laborais que se veñen aplicando desde hai varios anos e que obrigan a gran parte do profesorado a unha vida profesional marcada pola inestabilidade e polo desarraigo. A enorme volatilidade dos claustros de profesorado está a dificultar a súa integración no entorno social dos centros e o desenvolvemento de proxectos vivos e duradeiros como o que exemplifica a nosa propia revista. ■